



Apelidos e nome da persoa candidata:

2020

Galego

Proba de certificación de nivel básico A2

Comprensión de textos escritos

Puntuación e duración:

			NON ESCRIBIR Espazo para a corrección
Tarefa 1	Aprox. 15 minutos	9 puntos	
Tarefa 2	Aprox. 15 minutos	8 puntos	
Tarefa 3	Aprox. 20 minutos	8 puntos	
máx. 50 MINUTOS		TOTAL 25 PUNTOS /25

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba:

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencias para a persoa candidata:

- Os teléfonos móbiles deben estar apagados durante a proba.
- Os tempos son orientativos e non haberá pausa ningunha entre as distintas tarefas.
- Non se cualificará ningunha tarefa escrita con lapis ou emendada con líquidos ou cintas correctoras.
- Anularanse as respostas nas que se marque máis dunha opción, sempre que non se indique con suficiente claridade que se trata dun erro.
- En caso de erro, as persoas candidatas marcarán a nova resposta cun X rodeado por un círculo (X).
- As respostas deben basearse unicamente na información contida nos textos.
- Anularanse as respostas que non sexan claras e/ou lexibles e que non estean dentro dos espazos habilitados para tal fin.
- Deberá asinar a entrega desta proba no documento correspondente.



TAREFA 1

(...../9)

CONTEXTO:

Vostede quere convencer unhas amizades para que fagan o Camiño de Santiago. Busca información en distintas páxinas para explicarlles as mellores maneiras de realizar a camiñada.

TAREFA:

Relacione cada texto co nome correspondente como no exemplo 0. Teña en conta que hai dúas epígrafes que non se corresponden con ningún texto. As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

Ex.0
A peregrinación a Santiago de Compostela conta cada día con máis persoas adeptas. A práctica de exercicio, a viaxe a lugares descoñecidos, a convivencia con persoas doutros países ou o contacto coa natureza son algúns dos seus atractivos.
Texto 1
Moitas familias optan por realizar só os últimos 100 km, xa que desta forma obteñen a <i>Compostela</i> , o documento que acredita realizar a peregrinación.
Texto 2
Ao longo do Camiño de Santiago hai albergues públicos, parroquiais, de asociacións e mesmo privados. Estes últimos permiten realizar a reserva con antelación.
Texto 3
Hai que adquirir a mochila sen esquecer unha funda para a chuvia e calzado deportivo. Hai que realizar con el, os meses previos, camiñadas de varias horas que deben incrementarse pouco a pouco en cantidade e intensidade.
Texto 4
O <i>Camiño Francés</i> , que comeza en Saint Jean Pied de Port ou en Roncesvalles, é o máis transitado e cobre unha distancia próxima aos 800 quilómetros. Tamén hai outros como o <i>Camiño Primitivo</i> ou o <i>Camiño Portugués</i> .
Texto 5
Agárdase que o seu comportamento sexa de solidariedade, de autosuperación e de xenerosidade, estes son valores esenciais, en harmonía coa arte, a natureza e a xente que se chega a coñecer.
Texto 6
Nos arredores da capital navarra albíscanse as primeiras leiras de cereais que pasarán do verde ao amarelo e que serán unha constante ata chegar a Galicia.



Texto 7

Unha dor de cabeza, pel seca, certa debilidade, mareos ou cambras son algúns dos seus síntomas. Convén hidratarse con auga e froita e non abusar das bebidas isotónicas.

Texto 8

O peregrino nútrese de alimentos básicos (pan, leite, embutido, ensaladas, pastas, auga etc.). Ademais pode degustar unhas boas viandas locais como os pementos do Bierzo, o lacón con grelos galego, o polbo á feira de Melide...

Texto 9

Despois de cada etapa hai que ducharse con auga fría para activar a circulación. Chegar moi canso non favorece o sono e necesítase enerxía para descansar ben.

Fonte: <https://www.consumer.es/gl> (adaptado)

TAREFA 2

(...../8)



CONTEXTO:

Vostede está preocupado/a pola comida que se estraga por non consumila antes da súa caducidade e mais por aproveitar ben o tempo e o diñeiro dedicado á compra de produtos alimentarios. Decide ler un artigo sobre esta cuestión.

TAREFA:

Lea atentamente o texto e os enunciados seguintes. Indique na táboa de respostas se os enunciados son verdadeiros ou falsos, marcando a opción correcta cunha cruz, coma no exemplo 0. As respostas deben basearse unicamente na información contida nos textos.

QUE É MÁIS RENDIBLE: FACER COMPRA SEMANAL OU MENSUAL?

O máis recomendable é realizar unha compra mensual de produtos non perecedoiros, xa que garante ter na casa provisións de arroz, legumes, leite, latas e alimentos en conserva, bebidas, patacas, aceite, artigos de hixiene e limpeza etc.

De calquera forma, ao facer a compra hai que prever que cantidade de cada alimento se consome durante o mes, para non comprar máis da conta. Canto máis duradeiro é o produto, máis propensión hai ao seu almacenamento, mesmo aínda que se teñan grandes existencias del na casa. Se se adquire de máis habitualmente, é fácil chegar a almacenar na despensa produtos caducados, o que convén evitar cando se pretende aforrar na compra. A compra mensual incita a gastar máis, pois canto máis cheo está o carro, menos reparos pon o comprador en engadir novos produtos.

Así mesmo, a compra está condicionada polas características e posibilidades de conservación do alimento e pola facilidade de almacenamento. Se non se dispón dunha neveira grande ou dunha ampla despensa, é mellor facela máis a miúdo que adquirir grandes can-



tidades para tentar aforrar, e ter despois que tirar comida. Cando se trata da compra diaria ou semanal, o consumidor debe aproveitar para facerse cos produtos frescos ou perecedoiros, como o pan, a froita e a verdura e as carnes e os peixes, que adoitan ter uns importes máis flutuantes e é máis difícil que caduquen na neveira. Porén, cando se acode ao supermercado cada semana gástase tempo, ademais de combustible do vehículo se se vai en coche.

Aínda que, en liñas xerais, é máis rendible realizar a compra de alimentos cada semana, as asociacións de consumidores aconsellan probar a facer unha compra mensual durante un mes, anotando todos os gastos, e facer compras semanais ao longo do mes seguinte, para verificar que lle resulta máis económico a cada usuario.

Fonte: <https://www.consumer.es/gl> (adaptado)

TAREFA 3

(...../8)

CONTEXTO:

Vostede está interesado/a na ecoloxía e en consumir de maneira responsable. Para iso consulta unha guía de boas prácticas na Rede.

TAREFA:

Lea atentamente o seguinte texto e os enunciados. Marque na táboa de respostas a opción correcta (a, b ou c) en cada caso, como no exemplo 0.

As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

AFORRA LIXO, REDUCE E REUTILIZA

No fogar

- Usa produtos reutilizables (trapos de tea, máquinas de afeitar con follas de recambio...).
- Arranxa todo o que sexa posible. Cada ano desfacémonos de moitos aparellos eléctricos e electrónicos, tales como neveiras, teléfonos, ordenadores etc. (entre 13 e 25 kg por persoa), con algún problema que se podería resolver. Pero, se os queres substituír por uns novos, regálallelos a asociacións benéficas e persoas que os necesiten.
- Dálles a roupa que xa non usas a amigos, organizacións solidarias e familiares que lle poidan dar unha segunda vida.
- Compra cueiros reutilizables. Ata os tres anos, un neno utiliza entre 5.000 e 6.000 cueiros, que equivalen aproximadamente a unha tonelada de lixo.
- Escolle os alimentos frescos. Ademais de aforrar unha gran cantidade de residuos de envases en comparación cunha comida envasada, a dieta será máis saudable.



- Compra as cantidades de alimentos axustadas ás necesidades da familia e elixe aqueles produtos que teñan unha data de caducidade máis longa para evitar que se estraguen.
- Intenta comprar produtos sen envasar. Adoitan ter un custo inferior e permiten reducir as embalaxes.
- Merca alimentos envasados en recipiente de vidro, xa que é un material 100% reutilizable e reciclable. Evita as bolsas plásticas e as botellas dun só uso.
- Utiliza o carriño da compra ou bolsas reutilizables. As bolsas plásticas non biodegradables xeran máis de 70.000 toneladas de residuos anuais e só se utilizan unha media de 15-20 minutos.
- Se vives no rural e dispós de horta ou xardín, fabrica *compost* a partir da materia orgánica. Obterás un fertilizante natural con excelentes propiedades para o solo, pecharás o ciclo de reciclaxe dos restos orgánicos e axudaslle ao concello a aforrar recursos económicos no servizo de recollida e tratamento de lixo.

No traballo e na escola

- Comunícate por correo electrónico en lugar de por fax ou correo postal. Imprime só, polas dúas caras, as páxinas realmente necesarias. Garda o papel impreso para utilizalo como borrador.
- Escolle o material recargable, reutilizable e fabricado con elementos reciclados e reciclables; elixe artigos identificados coa ecoetiqueta europea.
- Aproveita ben os cartuchos de tinta e tóners. Unha vez consumidos, entrégallo a un xestor autorizado.

Fonte: <http://www.auladareciclaxe.es> (adaptado)